



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

## ACTA Nº 2020/17

# SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

**SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE LOUSAME,  
LUNS, 28 DE DECEMBRO DE 2020**

No día de hoxe, ás **20:30 horas**, baixo a presidencia da Alcaldía-Presidencia, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da Secretaria-Interventora, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, **SESIÓN EXTRAORDINARIA** do Pleno da Corporación.

**PRESIDE:**

MARÍA TERESA VILLAVERDE PAIS (PP)

**ASISTEN:**

*PP (GPM do PP)*

RAMON MARTINEZ RIAL

SILVIA AGRAFOJO FILGUEIRA

RAMÓN FIGUEROA PÉREZ

YÉSICA FERNÁNDEZ MIGUÉNS

JOSÉ ANTONIO CES BARREIRO

JESÚS MARTÍNEZ CASTRO

*PSdG-PSOE (GPM do PSdG-PSOE)*

JULIO MANUEL DANIEL PARADELA BUSTO

BEATRIZ GONZALEZ BARGO

IVAN BERMUDEZ CASTRO

*BNG (Grupo Mixto)*

ANXO MOLEDO CARREÑO

**AUSENCIAS:**

**SECRETARIO/A-INTERVENTOR/A:**

PAULA ARES OTERO

Unha vez verificada a válida constitución do Pleno, dado que se cumpre a asistencia mínima dun terzo do número legal dos seus membros, así como a presenza da Alcaldesa e da Secretaria (ou de quen legalmente os substitúa), a Presidencia abre a sesión.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

Antes de nada a Alcaldesa quere dar a benvinda á nova voceira do GPM-PSdG-PSOE, que pasa a ser dona Beatriz González Bargo así como desexarlle sorte. E ao mesmo xeito darlle ás grazas ao anterior voceiro do grupo, D. Julio M. D. Paradela Busto, que deixa de ser voceiro pero segue a ser concelleiro do GPM.

De seguido a Alcaldesa procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**:

Parte resolutiva:

- 1 Aprobación, se procede, da inclusión dos asuntos na Orde do Día do Pleno.
- 2 Aprobación inicial, se procede, dos Orzamentos Municipais para o exercicio 2021.

## **1) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA INCLUSIÓN DOS ASUNTOS NA ORDE DO DÍA DO PLENO.**

A Alcaldía da conta da proposta de acordo que se somete a aprobación do Pleno Corporativo, que é do seguinte tenor literal:

.....

### **PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á RATIFICACIÓN DA INCLUSIÓN DOS ASUNTOS NA ORDE DO DÍA.**

2

O artigo 82.3 do ROF sinala que o Alcalde, por razóns de urxencia, debidamente motivada, poderá incluír na Orde do Día asuntos que non fosen previamente informados pola respectiva Comisión Informativa; pero neste suposto non poderá adoptarse acordo algún sobre eses asuntos, sen que o Pleno ratifique a súa inclusión na Orde do Día.

As razóns que motivan a urxencia son as seguintes:

- *Aprobación inicial do Orzamento Municipal para o exercicio 2021*

*O expediente quedou ultimado o 21.12.2020. É prioritario que se aprobe inicialmente do xeito máis rápido posible, para poder dar comezo ao período de información pública, e acadar que entre en vigor canto antes.*

No caso de convocar unha Comisión Informativa e posteriormente convocar a sesión plenaria, produciríase unha dilatación na tramitación do expediente, retrasando a súa entrada en vigor.

Por todas as razóns expostas, é polo que esta Alcaldía propón ao Pleno Corporativo de Lousame que:

**Ratifique a inclusión na Orde do Día da sesión extraordinaria convocada para o luns, día 28 de decembro de 2020, ás 20:30 horas, o seguinte asunto:**

- Aprobación inicial, se procede, dos Orzamentos Municipais para o exercicio 2021.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

Documento asinado dixitalmente

A Alcaldesa

M<sup>a</sup> Teresa Villaverde Pais

.....  
A Alcaldía pregunta se hai algunha intervención. Non habendo intervencións, somete o asunto a votación.

**En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos once (11) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:** “Ratificar a inclusión na Orde do Día da sesión extraordinaria convocada para o luns, día 28 de decembro de 2020, ás 20:30 horas, o seguinte asunto:

- Aprobación inicial, se procede, dos Orzamentos Municipais para o exercicio 2021”

## 2) APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DOS ORZAMENTOS MUNICIPAIS PARA O EXERCICIO 2021

A Alcaldía da conta da proposta de acordo que se somete a aprobación do Pleno Corporativo, que é do seguinte tenor literal:

.....

### **PROPOSTA DA ALCALDÍA sobre aprobación do Orzamento Xeral para o exercicio 2021**

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Teresa Villaverde Pais, Alcaldesa do Concello de Lousame (A Coruña), somete á consideración do Pleno Corporativo, o presente acordo:

<<Elaborado o proxecto de Orzamento do Concello de Lousame para o exercicio económico de 2021, así como os seus Anexos e as súas Bases de Execución e o cadro de persoal, de acordo co establecido polos artigos 168 e 169 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o artigo 18 do RD 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988.

Vistos os informes da Secretaría-Intervención sobre os Orzamentos Xerais e sobre a estabilidade orzamentaria e nivel de endebedamento que constan no expediente (informe núm. 240 e 241 do 19.12.2020)

Considerando os antecedentes expostos, o Pleno Corporativo, no uso das súas competencias, adopta o seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Aprobar inicialmente os Orzamentos Xerais do Concello de Lousame para o exercicio económico 2021, xunto cos seus Anexos e as súas Bases de Execución, e cuxo resume por capítulos é o seguinte:





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

Estado de Gastos

Estado de Ingresos





Operacións non financeiras		Operacións non financeiras	
3.849.892,07 €		3.654.545,33 €	
Gastos correntes		Ingresos correntes	
Capítulo	Importe	Capítulo	Importe
1	1.059.183,30	1	579.500,00
2	1.216.699,54	2	30.000,00
3	14.400,00	3	376.716,44
4	226.636,00	4	1.578.023,85
5	0,00	5	2.200,00
Total	2.516.918,84	Total	2.566.440,29
Gastos de capital		Ingresos de capital	
6	1.331.810,78	6	
7	1.162,45	7	1.088.105,04
Total	1.332.973,23	Total	1.088.105,04
Operacións financeiras		Operacións financeiras	
0,00 €		195.346,74 €	
8		8	
9	-	9	195.346,74
Total	-	Total	195.346,74
<b>Total EG</b>	<b>3.849.892,07</b>	<b>Total EI</b>	<b>3.849.892,07</b>

**Segundo:** Aprobar inicialmente o cadro de persoal, comprensivo de tódolos postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral fixo e temporal.

**Terceiro:** Expoñer ao público o expediente completo do Orzamento Xeral para o exercicio 2021 e o cadro de persoal, durante o prazo de quince días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións ante o Pleno. O Orzamento e o Cadro consideraranse definitivamente aprobados se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións. No caso contrario, o Pleno disporá dun mes para resolvelas. De tódolos xeitos o Orzamento e o Cadro de Persoal definitivamente aprobados non entrarán en vigor ate a súa aprobación definitiva (expresa ou tácita) e publicación da mesma no Boletín Oficial da Provincia.

**Cuarto:** Unha vez aprobados definitivamente, o Orzamento (resumido por capítulos) e o Cadro de Persoal serán publicados no Boletín Oficial da Provincia e remitirase unha copia dos mesmos á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma>>

Lousame, a na data da sinatura dixital.  
A Alcaldesa, M<sup>a</sup> Teresa Villaverde Pais

.....

A Alcaldía explica as diferentes partes do expediente administrativo que se somete a aprobación do Pleno Corporativo, comentando os diferentes capítulos que conforman o Orzamento e a restante





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

documentación que conforma o expediente: o capítulo 1 relativo ao persoal, o capítulo 2 relativo ao gasto corrente (*onde o 43% do mesmo está destinado aos Servizos Sociais*), o anexo de investimentos (*indicando as inversións que se contemplan no Orzamento e sinalando que hai algunhas outras inversións que se esperan recibir pero que ao non estar aínda concedidas non se incluíron no Orzamento*), o anexo da débeda (*coa previsión dunha operación de tesourería e endebedamento a longo prazo para poder afrontar a segunda fase do proxecto de renovación das luminarias co-financiado co IDAE*), o análise do cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria dos créditos iniciais do orzamento, etcétera.

*Ás 20:50 horas, a Alcaldía efectúa un receso na sesión plenaria, por indisposición da Secretaria-Interventora, que se debe ausentar do Salón de Plenos durante uns minutos. Incorporada a fedataria municipal, continúa a sesión plenaria.*

Finalizada a exposición do expediente administrativo pola Alcaldía, pregunta se hai intervencións.

A voceira do GPM do PSdG-PSOE, D<sup>a</sup> Beatriz González Bargo sinala que o seu grupo quería facer dúas preguntas. En primeiro lugar, quere sinalar que non lles consta que exista informe de intervención no expediente do Orzamento, alomenos no CD que se lles remitiu xunto coa convocatoria da sesión plenaria, e preguntan se é un erro no CD.

A Alcaldía contesta que por suposto que existe informe da Secretaría-Intervención no expediente do Orzamento. Pregúntalle ao voceiro do GPM Mixto se no seu CD viña o informe da secretaria-intervención.

O voceiro do GPM di que non.

A Alcaldía parécelle estranísimo, xa que por suposto que existe informe da Secretaría-Intervención e forma parte do expediente administrativo. A Alcaldía coméntalle aos voceiros que cando pase algo así, que poder ser un erro informático, ou na gravación do CD, que o fagan saber, xa que de xeito inmediato remitirase a documentación que precisen, xa sexa fotocopiada ou doutro xeito. Se queren, entregase unha copia do mesmo ao finalizar a sesión plenaria.

D<sup>a</sup> Beatriz González Bargo sinala que nun pleno pasado, creo que alá polo mes de maio, falárase de poñer uns repetidores de telefonía para mellorar as comunicacións no Concello; sen embargo, non figura nada disto no Anexo de Investimentos.

A Alcaldía explica que ese investimento faino a Xunta de Galicia. Ao Concello solicítanlle as licenzas, ou permisos necesarios... Hai un problema nunha parroquia (Lesende), onde xa tiña que estar feita esa actuación, pero pasa por diante dun elemento patrimonial e hai un punto de desacordo nese aspecto, pero que espera que se solucione o máis axiña posible para solucionar estes problemas. Cada ano estase actuando en novas zonas, para ir dotando esa infraestrutura en todo o Concello.

O voceiro do GPM Mixto toma a palabra para indicar que bota de menos na época na que estamos, do Covid-19, certas cousas e non son os orzamentos que a el como BNG lle gustaría ter presentado no Concello. Lle gustaría ter presentado algunha emenda no caso de que se fixera a previa Comisión Informativa, pero xa non foi posible. Anuncia que o voto do seu GPM non vai ser afirmativo, porque non son un orzamentos onde vexan reflectido a realidade galega que se está a vivir. Cre que os orzamentos tiñan que estar destinados a outro tipo de axudas, á xente sen





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

recursos, que non pode chegar a final de mes, becas para estudantes, etcétera. Cre que non son un orzamentos sociais para a época que nos toca vivir e anuncia que o seu voto vai ser negativo.

A Alcaldesa recórdalle que o 43% do capítulo 2 (1.216.699,54 €) está destinado a gasto social. E logo a maiores hai gastos de emerxencia social que se están tramitando dende o Concello para aquelas persoas que o necesitan. En canto ao transporte escolar hai novidades interesantes que xa se tratarán nunha comisión informativa, onde os usuarios poden acudir a axudas importantes da Xunta de Galicia. Unha vez que posúa todos os datos serán divulgados a toda a cidadanía para que o coñezan e tamén será explicado a todos os grupos políticos municipais. Algunhas persoas xa chamaron para preguntar por este tema, pero hai que facelo chegar a todos os núcleos dada a dispersión da poboación de Lousame, para que todo o munda coñeza este servizo e poida facer uso del.

A Alcaldesa cre que dentro dos ingresos que ten o Concello, dos seus gastos, e o ano tan difícil que tempos por diante, o Orzamento do Concello e o crédito destinado ao gasto social, é reseñable.

A Alcaldesa pregunta se hai máis intervención. Non habendo máis intervencións, somete o asunto a votación.

**En consecuencia, o Pleno Corporativo, por dez (10) votos a favor (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PP e GPM do PSdG-PSOE) e un (1) voto en contra (emitido polo concelleiro do GPM Mixto), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:**

7

<<Elaborado o proxecto de Orzamento do Concello de Lousame para o exercicio económico de 2021, así como os seus Anexos e as súas Bases de Execución e o cadro de persoal, de acordo co establecido polos artigos 168 e 169 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o artigo 18 do RD 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988.

Vistos os informes da Secretaría-Intervención sobre os Orzamentos Xerais e sobre a estabilidade orzamentaria e nivel de endebedamento que constan no expediente (informe núm. 240 e 241 do 19.12.2020)

Considerando os antecedentes expostos, o Pleno Corporativo, no uso das súas competencias, adopta o seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Aprobar inicialmente os Orzamentos Xerais do Concello de Lousame para o exercicio económico 2021, xunto cos seus Anexos e as súas Bases de Execución, e cuxo resume por capítulos é o seguinte:

Estado de Gastos		Estado de Ingresos	
<i>Operacións non financeiras</i>		<i>Operacións non financeiras</i>	
3.849.892,07 €		3.654.545,33 €	
Gastos correntes		Ingresos correntes	
Capítulo	Importe	Capítulo	Importe
1	1.059.183,30	1	579.500,00
2	1.216.699,54	2	30.000,00
3	14.400,00	3	376.716,44







Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

4	226.636,00	4	1.578.023,85
5	0,00	5	2.200,00
Total	2.516.918,84	Total	2.566.440,29
Gastos de capital		Ingresos de capital	
6	1.331.810,78	6	
7	1.162,45	7	1.088.105,04
Total	1.332.973,23	Total	1.088.105,04
Operacións financeiras		Operacións financeiras	
0,00 €		195.346,74 €	
8		8	
9	-	9	195.346,74
Total	-	Total	195.346,74
<b>Total EG</b>	<b>3.849.892,07</b>	<b>Total EI</b>	<b>3.849.892,07</b>

**Segundo:** Aprobar inicialmente o cadro de persoal, comprensivo de tódolos postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral fixo e temporal.

**Terceiro:** Expoñer ao público o expediente completo do Orzamento Xeral para o exercicio 2021 e o cadro de persoal, durante o prazo de quince días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións ante o Pleno. O Orzamento e o Cadro consideraranse definitivamente aprobados se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións. No caso contrario, o Pleno disporá dun mes para resolvelas. De tódolos xeitos o Orzamento e o Cadro de Persoal definitivamente aprobados non entrarán en vigor ate a súa aprobación definitiva (expresa ou tácita) e publicación da mesma no Boletín Oficial da Provincia.

**Cuarto:** Unha vez aprobados definitivamente, o Orzamento (resumido por capítulos) e o Cadro de Persoal serán publicados no Boletín Oficial da Provincia e remitirase unha copia dos mesmos á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma>>

E non habendo outros asuntos que tratar, de orde da Alcaldía-Presidencia rematouse a sesión sendo ás vinte e unha horas e sete minutos (21:07 h.), da que se estende a presente acta que asina comigo a Sra. alcaldesa e da que eu, secretaria, dou fe.

A ALCALDESA-PRESIDENTA

A SECRETARIA-INTERVENTORA

María Teresa Villaverde Pais

Paula Ares Otero

8

